


# Grupo B outubro 24- xaneiro 25

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL M<sup>a</sup> JOSÉ TRINCADO. MERA



## MONOGRÁFICO CLÁSICOS ATEMPORAIS E ELOXIO AOS QUE SE FORON.

*QUE MODERNOS SON OS CLÁSICOS! Un libro convértese en atemporal cando sempre ten algo novo que contarnos.*

**LIBRO 1: EL CORONEL NO TIENE QUIEN LE ESCRIBA, de Gabriel García Márquez. 28/10/24**

«O coronel destapou o tarro do café e comprobou que non había máis dunha cullerada. Retirou a olla do fogón, vertíu a metade da auga no chan de terra, e cun coitelo raspou o interior do tarro sobre a olla ata que se desprenderon as últimas raspaduras do po de café revoltas con óxido de lata. Mentres esperaba a que fervea a infusión, sentado xunto á cociña de barro cocido nunha actitude de confiada e inocente expectativa, o coronel experimentou a sensación de que nacían fungos e lirios venenosos nas súas tripas. Era outubro. Unha mañá difícil de sortear, incluso para un home como el que sobrevivira a tantas mañás como esa. Durante cincuenta e seis anos -dende que rematou a última guerra civil- o coronel non fixera nada distinto de esperar. Outubro era unha das poucas cousas que chegaban.»

**LIBRO 2: XENTE AO LONXE, de Eduardo Blanco Amor. 18/11/24**

Unha das grandes novelas corais da literatura galega. A presente edición é o resultado dunha investigación de Xosé Manuel Dasilva, na que reconstrúe definitivamente a versión orixinal que se sometera á censura na década de 1970. Corenta e dous anos despois o primeiro texto rexorde restaurado; mosaico espectacular de voces, situacións e historias nas que se recrean os grandes cambios sociais de Galicia no transcurso do século XIX ao século XX.

### LIBRO 3: EL EXTRANJERO, de Albert Camus. 16/12/24

Este libro, capital para a cultura do século XX, transcurre en Arxelia e narra a anódina vida de Meursault, un oficinista novo que vive en perpetua apatía. Cando recibe a noticia do falecemento da súa nai, encaixaa coa maior impasibilidade. Obrigado a abandonar a capital e viaxar para asistir ao funeral, Meursault desexa que a cerimonia sexa breve para regresar a súa casa. Esa indiferenza existencial marca os seus días, avanzando sen reaccionar á morte da súa nai, ao afecto da súa amada e nin sequera a un crime que cometerá con idéntica desidia, incapaz de ver o alcance moral dos seus actos.

### LIBRO 3: ANCHO MAR DE LOS SARGAZOS, de Jean Rhys. 20/01/25

Antoinette Cosway busca crear un mundo propio, a medias entre os modais distinguidos da súa familia británica e as misteriosas vidas dos illantes xamaicanos. Un mozo inglés casa con ela, pero despois do matrimonio comezan a circular inquietantes rumores sobre o comportamento da súa esposa.

A principios de 1940, Jean Rhys leu por primeira vez Jane Eyre, de Charlotte Brontë, e decidiu renderlle o seu peculiar tributo imaxinando tamén a historia dunha muller tentada pola loucura. Os Sargazos, a novela que por fin, xa no ano 1966, concedeu a Rhys o aplauso unánime da crítica e do público.

BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO  
DE OLEIROS/TERTULIAS LITERARIAS DE  
*OUTUBRO 24 – XANEIRO 25*

/ BIBLIOTECA P. MUNICIPAL  
M<sup>a</sup> JOSÉ TRINCADO. MERA

GRUPO B